Planéase un único volume residencial en base á definición tipolóxica da ordenanza SU-1 "Rueiro compacto".

A altura máxima da edificación, expresada en planos mediante número de plantas, entenderase medida no punto medio do plano de fachada principal en contacto coa Avda. do Porto. Mais, dado que o volume se desenvolve en terreo en pendente, as alturas máximas defínense pormenorizadamente respecto ás rasantes propostas, na correspondente expresión gráfica das seccións.

O equipamento SXEed-06-02 establécese de xeito que o volume non supere a rasante da Avda. Sada y sus Contornos.

Establécese unha reserva mínima de 44 m² de superficie construída en planta baixa con destino a usos comerciais. Dita reserva será concretada no correspondente instrumento de equidistribución.

A reserva de aparcamento privado será de 32 plazas.

Naqueles parámetros da edificación non definidos nin na presente ficha, nin nos planos de ordenación detallada, serán de aplicación as determinacións xenéricas da Normativa do PXOM.

O proxecto de urbanización deberá concretar o deseño da ordenación na fronte da Avda. do Porto, no que respecta aos itinerarios peonís, ao acceso ás edificacións e ás súas conexións ás redes de servizos, para o cal deberá contar con informe previo do organismo Portos de Galicia. A este respecto, a ordenación reflectida nos planos de ordenación detallada da APD-1.7, na fronte da Avda. do Porto, deberán entenderse unicamente a título indicativo.

O proxecto de urbanización será sometido a informe na Consellería de Cultura.

O equipamento SXEed-06-02, ampliación do Colexio Sada y sus Contornos, deseñárase baixo criterios sensibles aos valores do elemento catalogado.

Sen prexuízo doutros informes sectoriais preceptivos, a APD deberá ser sometida a informe dos organismo competente en materia de patrimonio cultural, quedando condicionado ao disposto en dito informe.

DETERMINACIÓNS GRÁFICAS VINCULANTES:

Son as que se detallan nos correspondentes planos de Ordenación Detallada Incorporada


- APD-1.7-01 Zonificación
- APD-1.7-02 Rede viaria. Cotas e Rasantes
- APD-1.7-03 Rede viaria. Perfil lonxitudinal I
- APD-1.7-04 Rede viaria. Perfil lonxitudinal II
- APD-1.7-05 Sección lonxitudinal
- APD-1.7-06 Seccións transversais
- APD-1.7-07 Rede de abastecemento
- APD-1.7-08 Rede de saneamento. Augas residuais
- APD-1.7-09 Rede de saneamento. Augas pluviais
- APD-1.7-10 Rede de electricidade
- APD-1.7-11 Rede de alumeadado público
- APD-1.7-12 Rede de gas
- APD-1.7-13 Rede de telecomunicacións



ÁREAS DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE

**FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO**

CLASE DE SOLO: URBANO NON CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE SADA ESTUDO DE DETALLE DA UEI-8 PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	DENOMINACIÓN: APS-UEI-8	LOCALIZACIÓN DO PLANO:		CÓDIGO DA ÁREA:		1 de 1
			ZONIFICACIÓN: OD-Z-D4	XESTIÓN: OD-X-D4	PLANEAMENTO: APS-UEI-8	XESTIÓN:	



DOCUMENTO DE PLANEAMENTO APROBADO E VIXENTE:

Normas Subsidiarias de Planeamento de Sada
Aprobación definitiva: 10 / 01 / 1997
Publicación: BOP 01 / 02 / 1997

Proxecto de Compensación da UEI-8
Aprobación definitiva: 26 / 12 / 1997

Mantense subsistente a ordenación das anteriores NN.SS., mais, atendendo ás modificacións que dende o Plan Xeral se introducen en relación á configuración da rúa posterior e ás súas rasantes. Considéranse en ordenación unicamente aqueles bloques residenciais que dan fronte á rúa Párroco Villanueva, que poderán manter a súa configuración actual mais coas rasantes propostas no Plan Xeral na rúa posterior. Concrétanse os seguintes aspectos da ordenación:

-Edificación residencial

A edificación agrúpase en tres (3) bloques, que se alían ao longo da Avda. Párroco Villanueva, adaptándose á pendente mediante o seu escalonamento, seguindo as especificacións da Ordenanza 1 das Normas Subsidiarias de Plan Municipal de 1997, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 1 de febreiro de 1997. Estes bloques teñen un fondo de 20 m e a súa fachada posterior dá fronte á rúa de novo trazado. A altura da edificación na Avda. Párroco Villanueva é de baixo + 3 plantas, mentres na fachada posterior xorde unha planta semisótano a maiores, debido á diferenza de cotas entre ambas as rúas, podendo materializarse unha altura máxima de baixo e catro plantas, ao obxecto de conseguir cornixas uniformes fronte a un forte escalonamento. O acceso á planta semisótano xerada pola pendente do terreo realizarase polos laterais a través dun viario de servizo, segundo o plano de ordenación. Os parámetros da edificación serán os definidos na Ordenanza 1 das Normas Subsidiarias de Plan Municipal de 1997. Establécese unha parcela mínima de 105 m2 cunha fronte igual ou maior a 7,00 metros.


-Edificación dotacional

A reserva de equipamento localízase nunha parcela de 500 m2 tal e como se indica nos planos de ordenación. A edificación nesta parcela estará sometida ás seguintes limitacións:
Altura máxima: B+1 planta (7 m)
Ocupación en planta menor ou igual ao 50%

Redactarase un modificado do Proxecto de Urbanización para a execución da rúa posterior e da zona verde prevista, prestando especial atención ao deseño de medidas para a estabilización do terreo. O Proxecto de Urbanización deberá incorporar cantos estudos xeotécnicos sexan precisos, mesmo a definición técnica de cantas estruturas de contención sexan necesarias para garantir a estabilidade do terreo. Procederase á adaptación rexistral das fincas resultantes, consonte á ordenación modificada do Plan Xeral.

**FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO**

CLASE DE SOLO: URBANO NON CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE SADA PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	DENOMINACIÓN: APS-UEI-13	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ZONIFICACIÓN: OD-Z-D4	XESTIÓN: OD-X-D4	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APS-UEI-13	XESTIÓN:	1 de 1
---	--	------------------------------------	--	---------------------	---	----------	--------



DOCUMENTO DE PLANEAMENTO APROBADO E VIXENTE:

Normas Subsidiarias de Planeamento de Sada
 Aprobación definitiva: 10 / 01 / 1.997
 Publicación: BOP 01 / 02 / 1.997


Proxecto de Compensación da UEI-13
 Aprobación definitiva: 15 / 07 / 1.997

Mantense subsistente a ordenación das anteriores NN.SS., mais, atendendo ás modificacións que dende o Plan Xeral se introducen en relación á configuración da rúa Compostela e á configuración dos espazos dotacionais. Os bloques edificados con anterioridade á entrada en vigor deste Plan Xeral, que dan fronte á rúa Compostela, considéranse en ordenación na súa configuración actual e en relación ás aliñacións propostas dende o Plan Xeral.

Redactarase un modificado do Proxecto de Urbanización para a consolidación dos taludes da zona verde prevista, prestando especial atención ao deseño de medidas para a estabilización do terreo. O Proxecto de Urbanización deberá incorporar cantos estudos xeotécnicos sexan precisos, mesmo a definición técnica de cantas estruturas de contención sexan necesarias para garantir a estabilidade do terreo. Procederase á adaptación rexistral das fincas resultantes, consonte á ordenación modificada do Plan Xeral.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO

CLASE DE SOLO: URBANO CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: PLAN PARCIAL	DENOMINACIÓN: SAU-3. "Praia de San Pedro de Veigue"	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ZONIFICACIÓN: OD-Z-A2	XESTIÓN:	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APS-SAU-3	XESTIÓN:	1 de 1
--------------------------------------	--	--	--	----------	--	----------	--------




DOCUMENTO DE PLANEAMENTO APROBADO E VIXENTE:

Plan Parcial SAU-3 "Praia de San Pedro de Veigue"
Aprobación definitiva: 14 / 06 / 1.996
Publicación: BOP 30 / 08 / 1.996

**FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO**

CLASE DE SOLO: URBANO CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: PLAN PARCIAL	DENOMINACIÓN: SAU-6 "Souto da Igrexa"	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ZONIFICACIÓN: OD-Z-D1	XESTIÓN:	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APS-SAU-6	XESTIÓN:	1 de 1
--------------------------------------	--	--	--	----------	--	----------	--------



DOCUMENTO DE PLANEAMENTO APROBADO E VIXENTE:

Plan Parcial SAU-6 "Souto da Igrexa"
Aprobación definitiva: 30 / 03 / 1.993
Publicación: BOP 01 / 06 / 1.995


Modificación Puntual Plan Parcial SAU-6 "Souto da Igrexa"
Aprobación definitiva: 16 / 11 / 2.004
Publicación: BOP 24 / 01 / 2.005

DOCUMENTOS DE XESTIÓN E URBANIZACIÓN APROBADOS E VIXENTES:

Proxecto de compensación e de urbanización SAU-6 "Souto da Igrexa"
Aprobación definitiva: Decreto de Alcaldía 21 / 05 / 2003

**FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO**

CLASE DE SOLO: URBANO CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: PLAN PARCIAL	DENOMINACIÓN: SAUR-8 "Meirás"	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ZONIFICACIÓN: OD-Z-C2/D2	XESTIÓN:	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APS-SAU-8	XESTIÓN:	1 de 1
--------------------------------------	--	----------------------------------	---	----------	--	----------	--------



DOCUMENTO DE PLANEAMENTO APROBADO E VIXENTE:

Plan Parcial SAUR-8 "Meirás"
 Aprobación definitiva: 25 / 01 / 2.001
 Publicación: BOP 10 / 03 / 2.001


DOCUMENTOS DE XESTIÓN E URBANIZACIÓN APROBADOS E VIXENTES:

Proxecto de compensación SAUR-8 "Meirás"
 Aprobación definitiva: Decreto de Alcaldía 29 / 06 / 2.001

Proxecto de urbanización SAUR-8 "Meirás"
 Aprobación definitiva: Decreto de Alcaldía 19 / 10 / 2.001
 Publicación: BOP 09 / 11 / 2.001

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO

CLASE DE SOLO: URBANO CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: PLAN PARCIAL	DENOMINACIÓN: SAU-10 "Fortiñón"	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ZONIFICACIÓN: OD-Z-D3	XESTIÓN:	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APS-SAU-10	XESTIÓN:	1 de 1
--------------------------------------	--	------------------------------------	--	----------	---	----------	--------



DOCUMENTO DE PLANEAMENTO APROBADO E VIXENTE:


Plan Parcial SAU-10 "Fortiñón"
Aprobación definitiva: 01 / 07 / 1.994
Publicación aprobación: BOP 20 / 10 / 1.995
Publicación da normativa: BOP 21 / 11 / 1.995

DOCUMENTOS DE XESTIÓN E URBANIZACIÓN APROBADOS E VIXENTES:

Proxecto de compensación SAU-10 "Fortiñón"
Aprobación definitiva: Decreto de Alcaldía 04 / 06 / 1.996

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO

CLASE DE SOLO: URBANO CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: PLAN PARCIAL	DENOMINACIÓN: Actuación Industrial en Espírito Santo. Cambre-Sada	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ZONIFICACIÓN: OD-Z-I2	XESTIÓN:	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APS-PP "Cambre-Sada"	XESTIÓN:	1 de 1
--------------------------------------	--	--	--	----------	---	----------	--------




DOCUMENTO DE PLANEAMENTO APROBADO E VIXENTE:

Plan Parcial Actuación Industrial en Espírito Santo. Cambre-Sada
Aprobación definitiva: 07 / 10 / 1.992
Publicación: BOP 16 / 01 / 1.996

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO

CLASE DE SOLO: URBANO CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: PLAN PARCIAL	DENOMINACIÓN: SAU-5 "Ferradura"	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ZONIFICACIÓN: OD-Z-12	XESTIÓN:	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APS-SAU-5 "Ferradura"	XESTIÓN:	1 de 1
--------------------------------------	--	------------------------------------	--	----------	--	----------	--------




DOCUMENTO DE PLANEAMENTO APROBADO E VIXENTE:

Plan Parcial SAU-5 "Ferradura"
Aprobación definitiva: 18 / 06 / 1.992
Publicación: BOP 22 / 10 / 1.992

Modificado do Proxecto de urbanización do Polígono da Ferradura
Aprobación definitiva: D.902/2.014, de 13 de Xuño
Publicación: BOP nº 132 14/07/2.014

**FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO**

CLASE DE SOLO: URBANO CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL	DENOMINACIÓN: Ampliación da estación da ITV do Espírito Santo	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ZONIFICACIÓN: OD-Z-I2	XESTIÓN:	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APS-PS"Ampliación ITV"	XESTIÓN:	1 de 1
--------------------------------------	--	--	--	----------	---	----------	--------




DOCUMENTO DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO APROBADO E VIXENTE:

Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Ampliación da estación da ITV do Espírito Santo
 Aprobación definitiva: 20 / 12 / 2.012
 Publicación: DOG 25 / 01 / 2.013

**FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO SUBSISTENTE (APS)
SOLO URBANO**

CLASE DE SOLO: URBANO CONSOLIDADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: PROXECTO SECTORIAL	DENOMINACIÓN: Proxecto sectorial para a Ampliación de Centro Atención Especial a Persoas con Parálise Cerebral.	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ZONIFICACIÓN: OD-Z-E2/F2	XESTIÓN:	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APS-PS "ASPACE"	XESTIÓN:	1 de 1
--------------------------------------	--	---	---	----------	--	----------	--------



DOCUMENTO DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO APROBADO E VIXENTE:

Proxecto sectorial para a Ampliación do Centro Atención Especial a Persoas con Parálise Cerebral.
 Aprobación definitiva: 16 / 11 / 2.006
 Publicación: DOG 28 / 12 / 2.006



N.I.L. DE SADA

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO N.I.L. DE SADA

CLASE DE SOLO: URBANO URBANIZABLE NÚCLEO RURAL RÚSTICO	FIGURA DE PLANEAMENTO: ORDENACIÓN DIRECTA E DETALLADA DO PXOM PLANS ESPECIAIS DE REFORMA INTERIOR PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR PLANS ESPECIAIS DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PLANS PARCIAIS	DENOMINACIÓN: NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL (N.I.L.) DE SADA	LOCALIZACIÓN DO PLANO:		1 de 2
			ZONIFICACIÓN: OD-Z-C4 OD-Z-D3 OD-Z-D4 OD-Z-E3 OD-Z-E4	XESTIÓN: OD-X-C4 OD-X-D3 OD-X-D4 OD-X-E3 OD-X-E4	



DEFINICIÓN:

Os núcleos de identidade do litoral responden a asentamentos de orixe tradicional cuxa localización estratéxica no bordo costeiro lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico. A vila de Sada constitúe un asentamento de orixe histórica e marcada tradición mariñeira, resultado dun proceso de herdanza cultural característico do espazo litoral. A consideración de Núcleo de Identidade do Litoral é unha determinación das Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do Litoral.

ÁMBITO:

O ámbito do N.I.L. de Sada abrangue o espazo de asentamento litoral da Vila de Sada, dende Morazón ata Corbeiroa, incluíndo a totalidade do solo urbano da Vila de Sada, o solo urbanizable de uso global residencial, os núcleos rurais de Pazos, A Agra e A Braña, así como os ámbitos de solo rústico do humidal das Brañas de Sada e outros contiguos ao solo urbano e urbanizable destinados polo PXOM a sistemas xerais de espazos libres. Inclúese, así mesmo, o Porto de Sada-Fontán. O ámbito é o reflectido no plano que incorpora a presente ficha.

OBXECTIVOS:

- Planéase o obxectivo principal de manter a singularidade e o carácter deste espazo litoral, impulsando e promovendo dende o PXOM un conxunto de accións e actuacións de mellora, protección, rexeneración urbana e desenvolvemento urbanístico que dinamicen e revaloricen o devandito enclave en consideración ao enorme potencial do mesmo.
- Integrar e dotar de sentido propio, no caso particular de Sada, as determinacións do artigo 42 do Plan de Ordenación do Litoral.
- Integrar e dotar de sentido unitario e coherente o conxunto de determinacións que, por separado, o PXOM establece para cada unha das actuacións previstas neste espazo litoral.

DETERMINACIÓNS:

- Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición estratéxica, como porta de acceso ao territorio e rótula entre a terra e o mar. O Porto de Sada-Fontán constitúe unha peza fundamental desta determinación, polo que a aprobación e aplicación do Plan Especial do Porto constitúe unha ferramenta capaz de potenciar a actividade portuaria e de mellorar as dinámicas que se producen entre o mar e a Vila de Sada. Os accesos á Vila de Sada constitúen outro elemento potenciador das dinámicas e fluxos entre Sada e o exterior. Son de interés para esta determinación a execución por parte da Xunta de Galicia do novo vial entre a Vía Ártabra e o Porto de Sada-Fontán, así como as actuacións de mellora do sistema viario previstas dende o PXOM.
- Potenciar a imaxe exterior que se ten, tanto dende o mar e a ría, como dende a terra, prestando especial atención á mellora da calidade da súa fachada marítima. Son importantes para o cumprimento destas determinacións as ordenacións propostas ou remitidas que actúan sobre a fachada marítima, en especial os seguintes:
 - Plans especiais de protección PEPCH "Fontán" e PEPCH "A Tenencia".
 - Plan especial de protección e reforma interior PEPR "Sada de Arriba"
 - Plan especial de protección de infraestrutura e dotación PEPID "Parque de Fontán".
 - Plan especial de infraestrutura e dotación PEID "Paseo Marítimo"
 - Plan especial de infraestrutura e dotación PEID "Parque de Corbeiroa"
 - Plans especiais de reforma interior das áreas de reparto do Distrito 1, a D2.1 do Distrito 2 e a D3.1, D3.7 e D3.10 do Distrito 3.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO N.I.L. DE SADA

<p>CLASE DE SOLO:</p> <p>URBANO URBANIZABLE NÚCLEO RURAL RÚSTICO</p>	<p>FIGURA DE PLANEAMENTO:</p> <p>ORDENACIÓN DIRECTA E DETALLADA DO PXOM PLANS ESPECIAIS DE REFORMA INTERIOR PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR PLANS ESPECIAIS DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PLANS PARCIAIS</p>	<p>DENOMINACIÓN:</p> <p>NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL (N.I.L.) DE SADA</p>	<p>LOCALIZACIÓN DO PLANO:</p> <table border="1"> <tr> <td>ZONIFICACIÓN:</td> <td>XESTIÓN:</td> </tr> <tr> <td>OD-Z-C4</td> <td>OD-X-C4</td> </tr> <tr> <td>OD-Z-D3</td> <td>OD-X-D3</td> </tr> <tr> <td>OD-Z-D4</td> <td>OD-X-D4</td> </tr> <tr> <td>OD-Z-E3</td> <td>OD-X-E3</td> </tr> <tr> <td>OD-Z-E4</td> <td>OD-X-E4</td> </tr> </table>	ZONIFICACIÓN:	XESTIÓN:	OD-Z-C4	OD-X-C4	OD-Z-D3	OD-X-D3	OD-Z-D4	OD-X-D4	OD-Z-E3	OD-X-E3	OD-Z-E4	OD-X-E4	<p>2de2</p>
ZONIFICACIÓN:	XESTIÓN:															
OD-Z-C4	OD-X-C4															
OD-Z-D3	OD-X-D3															
OD-Z-D4	OD-X-D4															
OD-Z-E3	OD-X-E3															
OD-Z-E4	OD-X-E4															

- Completar a fachada marítima como signo da súa identidade, con especial atención aos seus elementos representativos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas. Neste senso, os plans especial dos tramados históricos de Fontán e A Tenencia son ferramentas axeitadas para afianzar o carácter identitario da Vila, mais compe prestar atención aos ámbitos de solo urbano non consolidado que se atopan en proximidade a estes tramados históricos procurando a integración.
- Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como o contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público axeitado ao carácter e á natureza da Vila de Sada. Así, para completar o acceso da poboación ao mar, o Plan contempla dúas actuacións importantes: o Parque de Fontán (SXEL-06-30a e SXEL 06-30b) e os accesos á Punta Corbeiroa (SXEL-06-18), pois constitúen actuacións pendentes para acadar o acceso público á ribeira do mar en toda a orla costeira da Vila. Por outra banda, o Plan promove a permeabilidade urbana, mellorando a accesibilidade transversal, alí onde os desenvolvementos urbanos o permiten, en especial en todos os ámbitos de solo urbano non consolidado do Distrito 1, nos que se deberá prestar atención á permeabilidade visual e funcional. Especial importancia ten para o cumprimento desta determinación, a futura ordenación a desenvolver polo Plan especial de infraestrutura e dotación PEID do "Paseo Marítimo", xa que supón a reordenación e rexeneración dun dos espazos públicos máis representativos e vitais dende o punto de vista da funcionalidade e mobilidade de Sada.
- Procurar o esponxamento do bordo marítimo como lugar de contacto co mar e a ría, e lugar de encontro e cohesión social. Entendendo esta determinación como a procura da liberación de solo para o seu destino de espazo público e concentración dos volumes construídos, será unha determinación a ter en conta nos correspondentes plans especiais de reforma interior, en congruencia coas determinacións vinculantes establecidas para cada área de planeamento.
- Mellorar e conservar os elementos naturais que marcan a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para o cumprimento das determinacións establecidas no Plan de Ordenación do Litoral en relación ás praias, aos accesos e áreas de aparcamento. Constitúen actuacións clave para o cumprimento desta determinación as previstas no Parque de Fontán (APR-PEPID), no Parque do Monte Lixandre (APR-PEID), no Parque de Corbeiroa (APR-PEID) e nas Brañas de Sada (APR-PEPID).
- Establecer determinacións con respecto á relación fondo-figura, que permitan unha lectura harmoniosa da Vila de Sada e dos seus elementos identitarios (o espazo portuario, a praia e o paseo marítimo, os tecidos históricos de Fontán e ATenencia), así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os seus elementos singulares. A concretar en cada área de planeamento remitido.
- Conservar e valorizar o contorno patrimonial e histórico a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación, consonte aos criterios establecidos no Catálogo de Patrimonio e determinacións normativas, así como en base ás determinacións que surxan dos plans especiais de protección de Fontán, A Tenencia, Sada de Arriba e Riovao.

ANEXO III:

NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE.

AFECCIÓNS E LIMITACIÓNS Á PROPIEDADE E USO DO SOLO.

- A.- PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE AUGAS
- B.- PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE COSTAS
- C.- PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE ESTRADAS
- D.- LEXISLACIÓN SOBRE CEMITERIOS
- E.- LEXISLACIÓN SOBRE LIÑAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN
- F.- LEXISLACIÓN SOBRE O RUÍDO
- G.- PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE SERVIDUMES AERONÁUTICAS
- H.- LEXISLACIÓN SOBRE PORTOS
- I.- LEXISLACIÓN E PROTECCIÓN DAS INSTALACIÓNS PARA TRANSPORTE E ALMACENAXE DE HIDROCARBUROS

INTRODUCCIÓN:

O presente Anexo contén unha relación coas limitacións á propiedade e uso do solo en virtude da lexislación sectorial aplicable.

Establécense como condicións e limitacións complementarias ás ordenanzas do Plan Xeral e ao réxime derivado da clasificación do solo. Son polo tanto de obrigado cumprimento.

O presente Anexo ten carácter aberto, no sentido de que as súas determinacións serán modificadas na medida en que calquera das normativas ou Leis Sectoriais aquí enumeradas sexan obxecto de modificación.

A) PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE AUGAS

Lexislación aplicable:

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenrola os títulos preliminar I, IV, V, VI, VII, e VIII do texto refundido da lei de Augas, aprobado por RD 1/2001, de 20 de xullo. Na consulta deste regulamento terase en conta as modificacións aprobadas por RD 1315/1992 de 30 de outubro, RD 606/2003, de 23 de maio, RD 9/2008 de 11 de xaneiro, RD 367/2010 de 26 de marzo e RD 1290/2012 de 7 de setembro.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia modificada polo Decreto 1/2015 do 15 de xaneiro
- Real Decreto 1332/2012, do 14 de setembro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa
- Terase en conta así mesmo, que se atopa en tramitación o novo Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015-2021, cuxo documento de Proposta foi sometido a exposición pública logo da publicación da Resolución do 22 de decembro de 2014 no DOGnº2 do 5 de xaneiro de 2015.

Estudos aplicables

- Estudo e revisión de zonas asolagables e delimitacións do Dominio Público Hidráulico dos ríos de Galicia Costa. Agosto de 2009.
- Avaliación preliminar do risco de inundación. Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Decembro de 2011.
- Mapas de perigosidade e risco de inundación das ARPSIs. Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Marzo de 2014.

Sobre o dominio público hidráulico e as súas zonas de protección

Transcríbense deseguido os artigos do RDPH que inciden nas definicións do dominio público e as súas zonas de protección:

Artigo 2º. Definición de dominio público hidráulico

Constitúen o dominio público hidráulico do Estado, coas salvidades expresamente establecidas na Lei:


- a) As augas continentais, tanto as superficiais como as subterráneas con independencia do tempo de renovación.*
- b) Os canles de correntes naturais, continuas ou discontinuas.*
- c) Os leitos dos lagos e lagoas e os de os encoros superficies en canles públicos.*
- d) Os acuíferos subterráneos, aos efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos (Artigo 2 do TRLA).*

O artigo 2 do TRLA, modificado pola Lei 11/2005, estende esta definición de dominio público nun punto máis:

- a) As augas procedentes da desaladura do mar.*

Artigo 4º. Definición de canle (Consonte o apartado dous do artigo único do R.D. 9/2008)

- 1. Álveo ou leito natural dunha corrente continua ou discontinua é o terreo cuberto polas augas nas máximas enchentes ordinarias (artigo 4 do TRLA). A determinación dese terreo realizarase atendendo ás súas características xeomorfolóxicas e ecolóxicas e tendo en conta as informacións hidrolóxicas, hidráulicas, fotográficas e cartográficas que existan, así como as referencias históricas dispoñibles.*
- 2. Considerarase caudal da máxima enchente ordinaria a media dos máximos caudais anuais, no seu réxime natural, producidos durante dez anos consecutivos, que sexan representativos do comportamento hidráulico da corrente.*



Artigo 5º. Canles de dominio privado

1. Son de dominio privado os canles polos que ocasionalmente discorran augas pluviais, en tanto atravesen, desde a súa orixe, unicamente fincas de dominio particular.
2. O dominio privado de estes canles no autoriza facer neles labores nin construír obras que poidan facer variar o curso natural das augas en prexuízo do interese público ou de terceiro, o cuxa destrución pola forza das avenidas poida ocasionar danos a persoas ou cosas (Artigo 5 do TRLA).

Artigo 6º. Definición de ribeiras (Consonte o apartado tres do artigo único do R.D. 9/2008)

1. Enténdese por ribeiras as faixas laterais dos leitos públicos situadas por riba do nivel de augas baixas; e por marxes, os terreos que lindan cos leitos.
2. A protección do dominio público hidráulico ten como obxectivos fundamentais os enumerados no artigo 92 do texto refundido da Lei de augas. Sen prexuízo das técnicas específicas dedicadas ao cumprimento dos devanditos obxectivos, as marxes dos terreos que lindan cos devanditos leitos están suxeitas en toda a súa extensión lonxitudinal:
 - a) A unha zona de servidume de cinco metros de largo para o seu uso público, que se regula neste regulamento.
 - b) A unha zona de policía de cen metros de largo, na que se condicionará o uso do solo e as actividades que nel se desenvolvan.
3. A regulación das devanditas zonas ten como finalidade a consecución dos obxectivos de preservar o estado do dominio público hidráulico, previr a deterioración dos ecosistemas acuáticos, contribuíndo á súa mellora, e protexer o réxime das correntes en enchentes, favorecendo a función dos terreos estremeiros cos leitos na laminación de caudais e carga sólida transportada.
4. Nas zonas próximas á desembocadura no mar, no ámbito inmediato dos encoros ou cando as condicións topográficas ou hidrográficas dos leitos e marxes o fagan necesario para a seguranza de persoas e bens, poderase modificar o largo das devanditas zonas na forma que se determina neste regulamento.

Zona de servidume

Artigo 7º. (Consonte o apartado catro do artigo único do R.D. 9/2008)


1. A zona de servidume para uso público definida no artigo anterior terá os fins seguintes:
 - a) Protección do ecosistema fluvial e do dominio público hidráulico.
 - b) Paso público peonil e para o desenvolvemento dos servizos de vixilancia, conservación e salvamento, a non ser que, por razóns ambientais ou de seguranza, o organismo de bacía considere conveniente a súa limitación.
 - c) Varada e amarre de embarcacións de forma ocasional e en caso de necesidade.
2. Os propietarios destas zonas de servidume poderán libremente sementar e plantar especies non arbóreas, sempre que non deteriorenen o ecosistema fluvial ou impidan o paso sinalado no punto anterior.

As cortas ou plantacións de especies arbóreas requirirán a autorización do organismo de bacía.
3. Con carácter xeral, non se poderá realizar ningún tipo de construción nesta zona salvo que resulte conveniente ou necesaria para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración. Só se poderán autorizar edificacións en zona de servidume en casos moi xustificados.

As edificacións que se autoricen executaranse nas condicións menos desfavorables para a propia servidume e coa mínima ocupación desta, tanto no seu solo coma no seu voo. Deberase garantir a efectividade da servidume, procurando a súa continuidade ou a súa localización alternativa e a comunicación entre as áreas do seu trazado que queden limitadas ou reducidas por aquela.

Artigo 8º.

Por razóns topográficas, hidrográficas, ou se o esixiran as características da concesión dun aproveitamento hidráulico, poderá modificarse a zona de servidume. A modificación farase por causas xustificadas de esixencia do uso público, previa a tramitación dun expediente no que se oír á propietario do terreo e, no seu caso, ao titular da concesión, determinándose a correspondente indemnización de acordo coa lexislación de expropiación forzosa, se procedera.



Zona de policía

Artigo 9º. (Consonte o apartado cinco do artigo único do R.D. 9/2008)

1. Na zona de policía de 100 metros de largo, medidos horizontalmente a partir da bacía, quedan sometidas ao disposto neste regulamento as seguintes actividades e usos do solo:

- a) As alteracións substanciais do relevo natural do terreo.
- b) As extraccións de agregados.
- c) As construcións de todo tipo, teñan carácter definitivo ou provisional.
- d) Calquera outro uso ou actividade que supoña un obstáculo para a corrente en réxime de enchentes ou que poida ser causa de degradación ou deterioración do estado da masa de auga, do ecosistema acuático e, en xeral, do dominio público hidráulico.

2. Sen prexuízo da modificación dos límites da zona de policía, cando concorran algunhas das causas sinaladas no artigo 6.2 do texto refundido da Lei de augas, a zona de policía poderase ampliar, se for necesario, para incluír a zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo, co obxecto específico de protexer o réxime de correntes en enchentes e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens. Nestas zonas ou vías de fluxo preferente só poderán ser autorizadas polo organismo de bacía aquelas actividades non vulnerables fronte ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento da devandita vía.

A zona de fluxo preferente é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a enchente de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as zonas.

Para os efectos da aplicación da definición anterior, considerarase que se poden producir graves danos sobre as persoas e os bens cando as condicións hidráulicas durante a enchente satisfagan un ou máis dos seguintes criterios:

- a) Que o calado sexa superior a 1 m.
- b) Que a velocidade sexa superior a 1 m/s.
- c) Que o produto de ambas as variables sexa superior a 0,5 m²/s.

Enténdese por vía de intenso desaugamento a zona pola que pasaría a enchente de 100 anos de período de retorno sen producir unha sobreelevación maior que 0,3 m, respecto á cota da lámina de auga que se produciría con esa mesma enchente considerando toda a chaira de inundación existente.


A sobreelevación anterior poderá, a criterio do organismo de bacía, reducirse ata 0,1 m cando o incremento da inundación poida producir graves prexuízos ou aumentarse ata 0,5 m en zonas rurais ou cando o incremento da inundación produza danos reducidos.

Na delimitación da zona de fluxo preferente empregárase toda a información de índole histórica e xeomorfolóxica existente, co fin de garantir a adecuada coherencia dos resultados coas evidencias físicas dispoñibles sobre o comportamento hidráulico do río.

3. A modificación dos límites da zona de policía, cando concorran algunhas das causas sinaladas no número 2 deste artigo, só poderá ser promovida pola Administración xeral do Estado, autonómica ou local.

A competencia para acordar a modificación corresponderalle ao organismo de bacía, que deberá instruír para o efecto o oportuno expediente, no cal se deberá practicar o trámite de información pública e o de audiencia aos concellos e comunidades autónomas en cuxo territorio se atopen os terreos gravados e aos propietarios afectados. A resolución deberá ser motivada e publicada, polo menos, no boletín oficial das provincias afectadas.

4. A execución de calquera obra ou traballo na zona de policía de leitos precisará a autorización administrativa previa do organismo de bacía, sen prexuízo dos supostos especiais regulados neste regulamento. Esta autorización será independente de calquera outra que deba ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas.



Artigo 10º.

1. Poderán realizarse en caso de urxencia traballos de protección de carácter provisional nas marxes dos canles. Serán responsables dos eventuais danos que puideran derivarse de ditas obras os propietarios que as constrúan (Artigo 7 do TRLA).
2. A realización dos citados traballos na zona de policía deberá ser posta en coñecemento do Organismo de conca no prazo de un mes, ao obxecto de que este, á vista dos mesmos e das circunstancias que os motivaron, poida resolver sobre a súa legalización ou demolición.

Artigo 11º.

As situacións xurídicas derivadas das modificacións naturais dos canles rexeranse polo disposto na lexislación civil. En canto ás modificacións que se orixinen polas obras legalmente autorizadas, estarase ao establecido na concesión ou autorización correspondente (Artigo 8 do TRLA).

Artigo 78º. (Modificado polo R.D. 367/2010 e polo R.D. 1290/2012)

1. Para realizar calquera tipo de construción en zona de policía de leitos, esixirase a autorización previa ao organismo de bacía, non sendo que o correspondente plan de ordenación urbana, outras figuras de ordenamento urbanístico ou plans de obras da Administración fosen sometidos a informe do organismo de bacía e recollesen as oportunas previsións formuladas para o efecto. En todos os casos, os proxectos derivados do desenvolvemento do planeamento deberán ser comunicados ao Organismo de bacía para que se analicen as posibles afeccións ao dominio público hidráulico e ao disposto no artigo 9.
2. Á petición referida uniráselle un plano de planta que inclúa a construción e as marxes do leito, cun perfil transversal polo punto de localización da construción máis próximo ao leito, no que quedarán reflectidas as posibles zonas exentas de edificios.
3. A tramitación será a sinalada no artigo 53 deste regulamento.
4. Os organismos de bacía notificaránlle ao concello competente as peticións de autorización de construción de zona de policía de leitos, así como as resolucións que sobre ela se diten para os efectos do posible outorgamento da correspondente licenza de obras.

Artigo 79º. (Redactado polo R.D. 367/2010)

Para a execución de obras de defensa ou nivelacións de terreos, camiños rurais, levadas e drenaxes en zona de policía que alteren sensiblemente o relevo natural, a petición, documentación e trámites axustaranse ao disposto no artigo 53.

Artigo 80º. (Modificado polo R.D. 367/2010)

As extraccións de agregados en zonas de policía de leitos, sen prexuízo do establecido na lexislación de minas, só poderán ser outorgadas ao propietario da terra ou a persoas que gocen da súa autorización.


Tramitaranse de acordo co sinalado no artigo 53, coas peculiaridades propias do caso e coas particularidades seguintes:

- a) Suprimirase na documentación técnica todo o referente a cubicacións.
- b) Na mesma documentación farase resaltar canto corresponda á realización dos traballos en relación coas marxes e os seus reforzos co fin de evitar a desviación do leito como consecuencia da depresión causada coas extraccións. Igualmente, estudarase a posible reposición do oco ocasionado con produtos sobranceiros da extracción ou outros materiais.

Artigo 81º. (Modificado polo R.D. 367/2010 e polo R.D. 1290/2012)

A autorización de calquera outra actividade a que fai referencia a alínea d) do artigo 9 deste regulamento será tramitada polo organismo de bacía de acordo co disposto no artigo 53.

En relación con plantacións, serán de aplicación para a zona de policía os mesmos condicionantes establecidos no artigo 74.7.



Artigo 82º. (Modificado polo R.D. 367/2010)

- 1. As acampadas colectivas en zona de policía de leitos públicos que, de acordo coa lexislación vixente, necesiten autorización dos organismos competentes en materia de regulación de campamentos turísticos, deberán ser autorizadas polo organismo de bacía, logo da correspondente petición formulada polo interesado, polo menos cun mes de antelación á data en que queira iniciarse a acampada.*
- 2. Esta autorización sinalará as limitacións a que deberá suxeitarse a acampada, no referente aos riscos para a seguridade das persoas ou de contaminación das augas por verteduras de residuos sólidos ou líquidos.*

Sobre os vertidos e a calidade das augas

Artigo 232º.

Son obxectivos da protección do dominio público hidráulico contra o seu deterioro:

- a. Conseguir e manter un adecuado nivel de calidade das augas.*
- b. Impedir a acumulación de compostos tóxicos ou perigosos no subsolo, capaces de contaminar as augas subterráneas.*
- c. Evitar calquera outra actuación que poida ser causa da súa degradación (Artigo 92 do TRLA).*

Artigo 233º. (Consonte o apartado dous do artigo único do R.D. 9/2008)

- 1. Enténdese por contaminación, aos efectos da Ley de Aguas, a acción e o efecto de introducir materias ou formas de enerxía, ou inducir condicións na auga que, de modo directo ou indirecto, impliquen unha alteración prexudicial da súa calidade en relación cos usos posteriores ou coa súa función ecolóxica.*

O concepto de degradación do dominio público hidráulico a efectos deste Lei inclúe as alteracións prexudiciais do entorno afecto a dito dominio. (Artigo 93 do TRLA).

- 2. Entre os usos posteriores mencionados no apartado anterior, serán obxecto de especial protección aqueles que corresponden aos abastecementos de auga potable, impliquen afección á saúde humana ou teñan asignada unha función ecolóxica para a protección de zonas vulnerables ou sensibles.*


Artigo 245º. Autorización. (Modificado polo R.D. 606/2003, e polo R.D. 1290/2012)

- 1. Para os efectos da Lei de augas, considéranse verteduras as que se realicen directa ou indirectamente nas augas continentais, así como no resto do dominio público hidráulico, calquera que sexa o procedemento ou técnica utilizada.*

Son verteduras directas a emisión directa de contaminantes ás augas continentais ou a calquera outro elemento do dominio público hidráulico, así como a descarga de contaminantes na auga subterránea mediante inxección sen percolación a través do solo ou do subsolo.

Son verteduras indirectas tanto as realizadas en augas superficiais a través de canles, redes de colectores de recollida de augas residuais ou de augas pluviais ou por calquera outro medio de desaugamento, ou a calquera outro elemento do dominio público hidráulico, así como as realizadas en augas subterráneas mediante filtración a través do solo ou do subsolo.

- 2. Queda prohibido con carácter xeral o vertido directo ou indirecto de augas e produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, agás que se conte coa previa autorización. Dita autorización corresponde á Administración hidráulica competente, agás nos casos de vertidos efectuados en calquera punto da rede de sumidoiros ou de colectores xestionados polas Administracións autonómicas ou locais ou por entidades dependentes das mesmas, nos que a autorización corresponderá ao órgano autonómico ou local competente.*
- 3. A autorización de vertido terá como obxecto a consecución dos obxectivos medioambientais establecidos. Ditas autorizacións outorgaranse tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e consonte coas normas de calidade ambiental e os límites de emisión establecidos neste regulamento e no resto da normativa en materia de augas. Estableceranse condicións de vertido máis rigorosas cando o cumprimento dos obxectivos medioambientais así o requira. Estas normas e obxectivos poderán ser concretados para cada bacía polo respectivo plan hidrolóxico, consonte co disposto no artigo 100.2 do texto refundido da Ley de Aguas.*



4. *As verteduras indirectas a augas superficiais con especial incidencia para a calidade do medio receptor, segundo os criterios sinalados no punto anterior, deben contar con informe favorable do organismo de bacía previamente ó outorgamento da preceptiva autorización.*

5. *Para os efectos deste regulamento, enténdese por:*

a) *Norma de calidade ambiental: a concentración dun determinado contaminante ou grupo de contaminantes na auga, nos sedimentos ou na biota, que non debe superarse co fin de protexer a saúde humana e o medio.*

b) *Valor límite de emisión: a cantidade ou a concentración dun contaminante ou grupo de contaminantes, o valor dos cales non debe superarse pola vertedura. En ningún caso o cumprimento dos valores límites de emisión poderá alcanzarse mediante técnicas de dilución.*

c) *Contaminante: calquera substancia que poida causar contaminación e en particular as que figuran no anexo II.*

d) *Sustancia perigosa: As sustancias ou grupos de sustancias que son tóxicas, persistentes e bioacumulables, así como outras sustancias ou grupos de sustancias que entrañan un nivel de risco análogo, e en particular, as contidas nos anexos I y II do Real Decreto 60/2011, de 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas.*

e) *Obxectivo ambiental: para as augas continentais, a prevención da deterioración das distintas masas de auga, a súa protección, mellora e rexeneración, co fin de alcanzar un bo estado das augas.*

Réxime específico en zona de fluxo preferente e en zonas asolagables.

Terase en conta os estudos de delimitación da zona de fluxo preferente e das zonas con risco de inundación recollidos no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, así como calquera outro estudo que se leve a cabo con posterioridade á entrada en vigor do Plan Xeral. En particular, teranse en conta as áreas con risco potencial de inundación (ARPSI) identificadas nos traballos que realice a Administración en base ao cumprimento da Directiva 2007/60/CE, nas súas diferentes fases.

Regulamentación das instalacións de abastecemento e saneamento.


De cara a conseguir o regulamento de todos os aproveitamentos, non se poderán outorgar novas licenzas de construción que baseen o seu abastecemento mediante redes veciñas existentes ou novas captacións sen concesión administrativa ou sen o recoñecemento do uso por disposición legal.

Co obxecto de conseguir unha axeitada preservación do medio hídrico, non se poderán outorgar novas licencias de construción que baseen o seu saneamento mediante redes que verten a canles sen autorización de Augas de Galicia.

Determinacións do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.

O desenvolvemento e aplicación deste Plan Xeral realizarase baixo o estricto cumprimento das determinacións do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa vixente e as sucesivas actualizacións. Así, entre outros aspectos, deberase atender ás limitacións de usos establecidos nas zonas protexidas do PHGC cara a preservar o bo estado das masas de auga e do medio hídrico.

Por outra banda, para as zonas inundables e as zonas de fluxo preferente, deberase ter en conta o réxime establecido nos artigos 42 e 43 do PHGC.




Plan Hidrolóxico da demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

Artigo 42. Protección contra inundacións

De acordo cos art. 92 e) e 92 quáter do texto refundido da Lei de Augas e o art. 59 do Regulamento de Planificación Hidrolóxica e sen prexuízo do disposto en: o Real Decreto 9/2008 polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, no Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, na lexislación sectorial do chan ou de protección civil adóptanse as seguintes normas de protección contra inundacións:

- a) Consideraranse zonas inundables as delimitadas polos niveis que alcanzan as augas en avenidas de $T=500$ anos.
- b) Na zona de fluxo preferente só poderanse autorizar actividades non vulnerables fronte a avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugadoiro.
- c) Con carácter xeral en zona de fluxo preferente:
 - a. non se autorizará a construción de edificacións destinadas a vivendas
 - b. non se permitirán actividades de acampada nin as instalacións destinadas a este fin
 - c. non se permitirán edificacións pertencentes a instalacións industriais nin edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas.
- d) En zonas urbanas, as actuacións de todo tipo, realizadas na canle ou a zona de policía, deberán con carácter xeral, dimensionarse para $T=500$ anos, podendo a Administración Hidráulica de Galicia autorizar o dimensionamento para $T=100$ anos, sempre que se xustifique co correspondente estudo técnico que se pode asegurar a evacuación sen danos das avenidas de ata 100 anos de período de retorno e avaliando os efectos en caso de presentarse a avenida de 500 anos.
- e) O nivel de protección para o resto de zonas será o correspondente a avenidas de ata 100 anos de período de retorno, salvo que a Administración Hidráulica de Galicia considere que se deberá dimensionar cun período de retorno superior, debido á necesidade de establecer unha maior protección do Dominio Público Hidráulico.
- f) Teranse en conta de forma especial, aos efectos da aplicación da lexislación urbanística, os resultados dos estudos contemplados no presente Plan Hidrolóxico e nos estudos establecidos no RD 903/2010, sobre avaliación preliminar do risco de inundación, mapas de perigo e de risco de inundación
- g) Para o dimensionamento de infraestruturas de defensa en zonas inundables incluírase un estudo de viabilidade en función do número de vítimas a evitar e da relación custo-beneficio. Determinánsese as zonas inundables tendo en conta as prescricións establecidas pola Administración Hidráulica de Galicia, en correspondencia co establecido no Real Decreto 903/2010.
- h) Os escenarios a considerar na elaboración de mapas de perigo serán os establecidos no Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- i) Os resguardos para laminación de avenidas deberán respectarse en todos os encoros, de acordo coas súas normas de explotación e plans de emerxencia.
Artigo 37. Zona de dominio público

1. *A zona de dominio público está integrada polos terreos ocupados por todos os elementos do dominio público viario adquiridos por título lexítimo pola administración titular.*

2. *A zona de dominio público adxacente é a parte da zona de dominio público formada polos terreos adxacentes ás estradas e aos seus elementos funcionais, adquiridos por título lexítimo pola administración titular pero non ocupados directamente pola explanación das estradas ou pola dos seus elementos funcionais. Para estes efectos a distancia entre a aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas e elementos funcionais previstos e o límite exterior da zona de dominio público adxacente, medida horizontal e ortogonalmente desde a primeira, non poderá ser superior a:*

a) Quince metros no caso de autovías, autoestradas e vías para automóbiles.

b) Dez metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.



3. *Naqueles treitos de estrada nos que existan túneles, pontes, viadutos, estruturas ou obras similares, adquiriranse e pasarán a formar parte da zona de dominio público adxacente, como regra xeral, os terreos comprendidos entre a proxección vertical das liñas exteriores de delimitación das obras sobre o terreo.*

En todo caso, cando menos, adquirirase e pasará a formar parte da zona de dominio público adxacente o terreo ocupado polos soportes e cimentacións das estruturas ou obras similares e unha franxa de terreo de tres metros ao redor deles.

Artigo 38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación


1. *Para a protección do dominio público viario e a debida prestación do servizo público viario, ademais da zona de dominio público, establécense as zonas de protección da estrada denominadas de servidume e de afección, así como o trazado da liña límite de edificación.*
2. *Para os efectos do réxime xurídico de protección do dominio público viario, os ramais de enlace e as vías de xiro de interseccións terán a consideración de estradas convencionais.*
3. *Cando pola proximidade das calzadas, enlaces e outros supostos, as zonas de dominio público, de servidume ou de afección se superpoñan entre elas, prevalecerá en todo caso o réxime establecido para a zona de dominio público sobre a de servidume e o desta sobre a de afección, calquera que sexa a estrada ou elemento funcional determinante.*
4. *Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.*
5. *As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservalos nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten o adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga.*

Artigo 39. Delimitación da zona de servidume

1. *A zona de servidume está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas aos devanditos límites e medidas horizontal e ortogonalmente desde eles, a unha distancia de:*
 - a) *Dez metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.*
 - b) *Dous metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.*
2. *No caso de existiren túneles, pontes, viadutos, estruturas ou obras similares, os terreos comprendidos entre a proxección ortogonal das liñas exteriores de delimitación das obras sobre o terreo que non formen parte da zona de dominio público formarán parte da zona de servidume.*

Artigo 40. Delimitación da zona de afección

1. *A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación e medidas horizontal e ortogonalmente desde elas, a unha distancia de:*
 - a) *Cen metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.*
 - b) *Trinta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.*
2. *No caso de existiren túneles, pontes, viadutos, estruturas ou obras similares, as liñas exteriores de delimitación das obras asumirán a función das arestas exteriores da explanación para os efectos da determinación da zona de afección.*



Artigo 41. Delimitación da liña límite de edificación

1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:
 - a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.
 - b) Quince metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.
2. No suposto de que as distancias establecidas no punto anterior queden incluídas dentro da zona de dominio público ou da zona de servidume, a liña límite de edificación establecerase na liña límite exterior da zona de servidume.
3. A administración titular da rede de estradas poderá excepcionalmente tramitar un expediente de redución das distancias sinaladas neste artigo, fóra dos treitos urbanos, sempre que quede garantida a ordenación das marxes da estrada, o adecuado control dos seus accesos e a seguridade viaria, cando nunha estrada, ou en treitos concretos dela, as características do lugar fagan extraordinariamente dificultoso respectar as distancias sinaladas.

Serán trámites preceptivos na tramitación do expediente a emisión dun informe vinculante por parte da consellaría competente en materia de estradas e a dun informe do concello polo que discorra a estrada ou treito. A resolución do expediente publicarase no Diario Oficial de Galicia.


Artigo 42. Dereitos preexistentes e indemnizacións

1. O establecemento e a delimitación das zonas de protección e da liña límite de edificación, tanto das estradas existentes como das novas que se constrúan, así como as limitacións sinaladas nesta lei e o réxime de usos autorizables que se regula nela, non alteran a situación de propiedade preexistente dos terreos que afecta nin a titularidade dos dereitos de terceiros sobre eles. Tampouco xera dereito a ningunha indemnización para as persoas titulares dos dereitos sobre os terreos afectados.
2. A ocupación dos terreos da zona de servidume para a localización de instalacións ou a realización de actividades públicas vinculadas coa construción ou co mantemento da estrada e, en xeral, cando o requira o servizo público viario dará lugar a indemnización polos danos e perdas causados polo seu emprego.

Usos autorizables

Artigo 43. Usos autorizables na zona de dominio público

1. Na explanación da estrada e nos seus elementos funcionais só se poderán autorizar os seguintes usos:
 - a) Cruzamentos subterráneos ou aéreos que sexan imprescindibles para darlles continuidade ás redes e infraestruturas de servizos públicos ou para conectarse a eles.
 - b) Pasos inferiores ou superiores.
 - c) Obras de acceso á propia estrada.
 - d) Excepcionalmente, apoios de redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos cando sexan empregados de xeito compartido coa rede de iluminación pública en estradas convencionais e elementos funcionais, fóra dos seus treitos urbanos e sempre que non se trate de apoios de redes eléctricas de alta tensión.
 - e) Excepcionalmente, conducións subterráneas lonxitudinais correspondentes a redes e infraestruturas de servizos públicos, cando se xustifique debidamente que polas condicións extremadamente dificultosas da orografía do terreo, ou pola súa condición urbana, non existe outra solución tecnicamente viable e se sitúen, preferentemente, fóra da calzada e, cando sexa posible, tamén das súas beiravías.



2. Na zona de dominio público adxacente só se poderán autorizar os seguintes usos:

- a) Usos autorizables na explanación e nos seus elementos funcionais.
 - b) Conducións subterráneas lonxitudinais correspondentes a redes e infraestruturas de servizos públicos.
 - c) Excepcionalmente, apoios de redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos, cando polas condicións orográficas do terreo resulte tecnicamente inviable retiralos a maior distancia, en estradas convencionais e elementos funcionais, fóra dos seus treitos urbanos e sempre que non se trate de apoios de redes eléctricas de alta tensión
3. En ningún caso se autorizarán obras, instalacións ou calquera outra actividade na zona de dominio público que prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación.

Artigo 44. Usos autorizables na zona de servidume

1. Na zona de servidume das estradas só se poderán autorizar os seguintes usos:

- a) Usos autorizables na zona de dominio público adxacente.
- b) Cultivos agrícolas.
- c) Plantación e corta de arboredo.
- d) Peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, por circunstancias especiais de aproveitamento agrícola ou gandeiro debidamente acreditadas.
- e) Movementos de terra e explanacións.
- f) Excepcionalmente, vías, aparcamentos, illotes e zonas axardinadas de uso público.

2. En ningún caso se autorizarán obras, instalacións ou calquera outra actividade na zona de servidume que prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación.

Artigo 45. Usos autorizables na zona de afección

Na zona de afección poderanse autorizar todos aqueles usos que non prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación, coas excepcións establecidas nesta lei na parte da zona de afección comprendida entre a estrada e a liña límite de edificación.

Artigo 46. Usos autorizables entre a estrada e a liña límite de edificación

Entre a estrada e a liña límite de edificación prohibese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, os peches non diáfanos ou de fábrica, así como a instalación, agás cruzamentos, dos apoios das redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos, coas excepcións establecidas nesta lei.


O réxime establecido nesta lei non modificará, en ningún caso, o disposto na normativa urbanística para os edificios fóra de ordenación.

Autorizacións

Condicións xerais

Artigo 47. Réxime xeral e competencia

1. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa, salvo que expresamente sexa permitida por esta lei ou polo seu regulamento.



2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección correspóndelle á administración titular da estrada.

No caso de obras, instalacións ou actividades, non executadas pola administración titular da estrada, na parte da zona de dominio público dos treitos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, as anteditas autorizacións serán outorgadas polos concellos, logo do informe vinculante da administración titular da estrada. Ese informe será tamén preciso no caso de obras que vaia realizar o propio concello.


3. No outorgamento de autorizacións imponse as condicións que, en cada caso, se consideren oportunas para evitarlles danos e perdas á estrada, ás zonas de protección, aos seus elementos funcionais, á seguridade da circulación viaria ou á adecuada explotación da estrada.
4. A autorización á que se refire este precepto é independente e enténdese sen prexuízo doutras licenzas ou autorizacións que sexan necesarias para a execución das obras, instalacións ou actividades das que se trate.

Artigo 48. Tramitación

1. Os procedementos de outorgamento de autorizacións iniciaranse por solicitude da persoa interesada e tramitaranse consonte o disposto na lexislación en materia de procedemento administrativo, agás no expresamente regulado nesta lei ou no seu regulamento.
2. A resolución e notificación do expediente deberá producirse no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da entrada da solicitude no rexistro da administración do órgano competente para a súa tramitación. O transcurso do devandito prazo sen que se practicase a notificación da resolución permitiralle á persoa interesada entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.
3. Con carácter previo á solicitude de autorización, as persoas interesadas poderán consultar o órgano ao que lle corresponda outorgar a autorización sobre a viabilidade da actuación pretendida, así como obter información e orientación verbo dos requisitos técnicos e xurídicos que as disposicións vixentes lle impoñan.

Artigo 49. Efectos da autorización

1. As autorizacións outorgaranse a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non supoñerán en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.
2. As actuacións poderán ser inspeccionadas en todo momento polo persoal da administración titular da estrada ou da que outorgou a autorización.
3. Finalizadas as obras ou instalacións autorizadas, documentarase a súa terminación, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. De ser o caso, faranse constar as obxeccións de xeito pormenorizado e concederase un prazo proporcionado para a súa corrección. A acta de conformidade implicará o permiso de uso das obras ou instalacións.
4. As autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público outorgaranse por un prazo máximo de dez anos. Antes de que transcorra o prazo da autorización, a persoa titular poderá solicitar a súa renovación, que se tramitará como unha nova autorización adaptada, se é o caso, á normativa vixente nese momento.
5. As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.



6. As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

Artigo 50. Modificación ou suspensión de autorizacións

1. A administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización nos casos seguintes:

- a) Cando a actuación produza danos no dominio público viario.
- b) Por incumprimento das condicións da autorización.
- c) Por poñer en risco a seguridade viaria.
- d) Cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento.

2. O procedemento para modificar ou suspender a autorización iniciárase de oficio ou por instancia de parte, e será instruído pola administración titular da estrada. En todo caso, antes de elevar a proposta de resolución, darase audiencia ás persoas interesadas co fin de que poidan formular cantas alegacións conveñan aos seus dereitos.

Artigo 51. Garantías

1. A realización de calquera actuación no dominio público viario poderá requirir a constitución polas persoas interesadas da correspondente garantía por unha contía que será determinada pola administración titular da estrada.
2. A garantía, que se manterá durante o prazo dun ano desde a data da acta de conformidade, será independente das taxas que, con carácter xeral, se devindiquen pola tramitación do expediente da autorización e sen prexuízo das responsabilidades nas que se puidese incorrer polo incumprimento das condicións establecidas naquela.
3. No suposto de que as persoas interesadas ocasionaren danos ou perdas ao dominio público viario, a administración titular da estrada incautará a garantía na contía equivalente aos devanditos danos e perdas. En todo caso, a persoa interesada deberá indemnizar a administración titular polos danos e perdas que excedan do importe da contía incautada.
4. Se a obra se deteriora ou arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, a persoa titular da autorización responderá dos danos e perdas ocasionados durante o prazo de vinte anos contados desde a data da acta de conformidade.


Condicións particulares

Artigo 52. Accesos

A administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes.

Artigo 53. Publicidade

1. Fóra dos treitos urbanos, queda prohibida a colocación, fixa ou provisional, de carteis ou outros elementos publicitarios que sexan visibles desde a zona de dominio público da estrada, sen que esta prohibición poida dar dereito a indemnización.
2. Nos treitos urbanos a disposición de publicidade estará sometida ás ordenanzas municipais, e deberá situarse fóra da zona de dominio público e non interferir nin afectar a sinalización, a iluminación ou o balizamento da estrada.
3. Para os efectos desta lei non teñen a consideración de publicidade:



- a) *Os carteis informativos instalados ou autorizados pola administración titular da estrada. Para estes efectos, considéranse carteis informativos:*
- 1º. Os sinais e carteis de circulación, e os seus paneis complementarios.*
 - 2º. A sinalización turística oficial de lugares, paraxes e paisaxes de interese natural ou cultural.*
 - 3º. Os que sinalicen instalacións de carácter público vinculadas ao sistema de transporte.*
 - 4º. Os que se refiran a actividades ou obras que afecten a estrada ou informen sobre o estado da vía e demais circunstancias relacionadas co tráfico.*
 - 5º. Os que informen da estación de servizo máis próxima e sobre os prezos dos produtos enerxéticos naquela e nas inmediatamente posteriores.*
- b) *Os rótulos dos establecementos mercantís ou industriais que sexan indicativos da súa actividade, sempre que se sitúen nos edificios e terreos nos que aqueles desenvolvan a súa actividade, máis separados da estrada que a liña límite de edificación e a unha distancia da calzada non inferior á súa altura.*
- c) *Os anuncios de espectáculos, celebracións ou probas culturais, deportivas ou similares, debidamente autorizados e que se desenvolvan na propia estrada, sempre que a súa celebración sexa ocasional.*


Medidas de protección da legalidade viaria

Artigo 54. Réxime xeral e competencia

A competencia para a execución das medidas de protección da legalidade viaria previstas neste capítulo correspóndelle á administración titular da estrada, que poderá requirir o auxilio da forza pública cando resulte necesario para a súa execución. Na parte da zona de dominio público dos treitos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, as anteditas medidas de protección poderán ser tamén adoptadas polos concellos.

Artigo 55. Medidas de protección

- 1. A administración competente poderá dispoñer, sen máis trámites, en resolución motivada a inmediata paralización das obras e a suspensión dos usos non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas correspondentes autorizacións outorgadas por ela.*
- 2. A administración competente poderá instar, mediante a oportuna notificación ás empresas subministradoras de servizos públicos, para que procedan a suspender no prazo de sete días naturais a subministración do servizo correspondente ás obras ou aos usos nos que se dispuxese a súa paralización ou suspensión. A suspensión da subministración só se poderá levantar unha vez que se procedese á legalización das obras ou do uso ou logo da notificación en tal sentido da administración competente ás empresas subministradoras.*
- 3. A administración competente poderá precintar as obras ou instalacións e ordenarlle á persoa responsable da actuación, da obra ou do uso a retirada, no prazo de dous días naturais, da maquinaria e dos materiais provisionados. De incumprir a obriga de retirada, esta poderá realizala, sen máis trámites, a administración competente, á conta daquela.*
- 4. Se as actuacións non autorizadas ou que non se axustan á autorización supoñen un risco grave para a seguridade viaria, a administración competente poderá adoptar, á conta da persoa responsable e sen máis trámites, as medidas que estime oportunas para garantir a seguridade da circulación.*
- 5. Na resolución de paralización ou suspensión, ordenarase a incoación dun expediente de reposición da legalidade viaria que, unha vez instruído e logo da audiencia á persoa responsable, resolverá sobre a posible legalización das obras ou dos usos.*



6. No caso de se apreciar que poderían ser legalizables, instarase a persoa responsable para que, no prazo de sete días naturais, solicite a legalización da actuación.

Se a persoa responsable non solicita a legalización no devandito prazo ou cando a actuación non for legalizable, a administración competente poderá acordar en resolución motivada a demolición das obras e a suspensión definitiva dos usos e o restablecemento da realidade física alterada, e requirirá a persoa responsable para que proceda ao seu cumprimento no prazo que se lle conceda, que debe ser proporcional ás circunstancias da actuación que haxa que realizar.

Transcorrido o prazo sen que a persoa responsable atendese ao requirimento, a administración competente procederá, sen máis trámites, á execución subsidiaria á conta daquela.

Artigo 56. Retirada de obxectos ou elementos abandonados

A administración competente retirará, sen máis trámites e á conta da persoa responsable, todos os obxectos ou elementos abandonados, instalados ou depositados no dominio público viario que menoscaben a seguridade viaria ou obstaculicen o normal uso e explotación da estrada.

Artigo 57. Obras ruinosas

Cando unha obra ou instalación situada entre a estrada e a liña límite de edificación acade un estado ruinoso que poida provocar danos á estrada ou constituír un perigo para a circulación, a administración competente adoptará as medidas necesarias, e instará o concello no que se atope a obra ou instalación para que incoe un expediente de declaración de ruína e a subseguinte demolición, se é o caso.

Artigo 58. Danos e perdas causados ao dominio público viario

- 1. A administración titular da estrada procederá, sen máis trámites e con cargo á persoa causante, á execución das medidas necesarias para a reparación dos danos producidos ao dominio público viario e á restitución da realidade física alterada nel, cando supoñan un risco grave para a seguridade viaria.*
- 2. A persoa causante dos danos deberá aboarlle á administración titular da estrada a indemnización polos danos e perdas ocasionados, no prazo que, para tal efecto, se lle conceda. No caso de que un asegurador asumise o risco derivado da responsabilidade civil da persoa causante dos danos, a administración titular da estrada poderá requirirle directamente a aquela o pagamento da indemnización polos danos e perdas causados ao dominio público viario.*

Artigo 59. Compatibilidade de actuacións

As medidas de protección da legalidade viaria recollidas neste capítulo, incluídas expresamente as indemnizacións por motivo dos danos e perdas causados ao dominio público viario, adoptaranse sen prexuízo das sancións e responsabilidades que resulten procedentes e poderán ordenarse e executarse tanto independentemente como dentro do procedemento de sanción previsto nesta lei.

Tendo en conta as estradas existentes no municipio e a súa clasificación, realízase o seguinte cadro resumen:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	CLASIFICACIÓN	LIÑA LÍMITE EDIFICACIÓN ⁽¹⁾	ZONA DE SERVIDUME LIÑA DE PECHER ⁽²⁾	ZONA DE AFECCIÓN ⁽³⁾
---	---	ESTATAL	AUTOPISTAS	50 m	25 m	100 m
---	---		AUTOVIAS			
---	---		VÍAS RÁPIDAS			
N-VI	MADRID-A CORUÑA		ESTRADAS CONVENCIONAIS	25 m	8 m	50 m
---	---	AUTONÓMICA	AUTOESTRADA	50 m	10 m	100 m
---	---		AUTOVÍA			
VG-1.3	SADA-A6		VÍA PARA AUTOMÓBILES			
AC-526	VG-1.3-PORTO DE LORBÉ					
AC-162	SADA (AC-163)- BERGONDO (AC-164)	PROVINCIAL	ESTRADA CONVENCIONAL	15 m	2 m	30 m
AC-163	SADA (AC-162)- MERA (AC-173)					
AC-182	ESPIRITU SANTO (N-VI)-OLEIROS					
AC-183	SADA (AC-162)-ARILLO (AC-173)					
DP-5813	OLEIROS-SADA					
DP-0813	SADA-ARMUÑO					
DP-0812	SADA-ESPIRITU SANTO					
DP-5812	MEIRÁS- PORTO DE SANTA CRUZ					
DP-5814	MANDÍN-IÑÁS					
DP-5815	MERA-VEIGUE					
DP-7501	TARABELO-SAMOEDO					
DP-7502	OSEDO-O CASTRO					
DP-7503	TARABELO-IGREXA DE CARNOEDO					
DP-7505	SOÑEIRO-OSEDO					
DP-7506	SADA-PAZOS E RAMAL AO CUARTEL DA GUARDA CIVIL					
DP-7507	CASTELO-CARRETERA DE SOÑEIRO A OSEDO					
DP-7508	CASTELO-MEIRÁS					
DP-7509	CHABURRA-VEIGUE					
RESTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE SISTEMA XERAL		MUNICIPAL				

(1) A liña límite de edificación é a definida no art.33 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas e art.41 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia. A liña límite de edificación medirase horizontalmente a partir da aresta exterior da calzada e ortogonalmente a ela.


Entre a estrada e a liña límite de edificación os peches deberán ser diáfanos e sen cimentación de obra de fábrica, agás indicación pormenorizada nas "Determinacións Complementarias".


Os peches construídos con obra de fábrica, formigón ou outro material de tipo macizo considéranse obra de edificación a efectos de establecer a distancia mínima con respecto á estrada, coas excepcións e matizacións expresadas no apartado de "Determinacións complementarias en áreas lindoiras coas estradas"

(2) A zona de servidume é a definida no art. 31 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas e art. 39 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia. A liña de servidume medirase horizontalmente a partir da aresta exterior da explanación e ortogonalmente a ela.

A liña de peche coincide coa liña exterior da zona de servidume. Únicamente nas estradas de titularidade autonómica poderán autorizarse peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, por circunstancias especiais de aproveitamento agrícola ou gandeiro debidamente acreditadas (Art.44 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia).

(3) A zona de afección é a definida no art.32. da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas e art.40 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia. Representase nos Planos de Ordenación "Estrutura Xeral e Orgánica" a escala 1/5.000, medida a partir da aresta exterior da explanación, horizontal e ortogonalmente a ela.





DETERMINACIÓNS COMPLEMENTARIAS EN ÁREAS LINDEIRAS COAS ESTRADAS.

1. EN TERREOS CLASIFICADOS DE SOLO URBANO

1.1. CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN

As parcelacións de parcelas ou fincas lindeiras coas estradas autonómicas quedan condicionadas a que todas as parcelas resultantes resolvan o seu acceso a través doutros viais públicos que non sexan de titularidade autonómica, ou mediante acceso único dende a estrada autonómica.

1.2. CONDICIÓNS DE POSICIÓN

1.2.1. POSICIÓN DAS EDIFICACIÓNS

As edificacións ou calquera construción lindeira coas estradas autonómicas e provinciais respectarán a liña límite de edificación definida nos planos de ordenación consonte ao establecido para cada ámbito de ordenanza.

1.2.2. POSICIÓN DOS PECHES

Nos casos de ámbitos de ordenanza que contemplen peches de parcela, estes coincidirán coas aliñacións oficiais reflectidas nos planos de ordenación.

A construción de peches ou calquera outro elemento, quedará condicionada á posterior explanación do terreo entre aliñacións a cota do viario sen que eses se vexan afectados.

1.3. CONDICIÓNS PARA O MANTEMENTO DAS ESTRADAS

As estradas poderán ser obxecto de mantemento, perfeccionamento ou modificación⁽¹⁾ nas súas condicións de trazado, seccións e rasantes nun área de protección que corresponderá coas seguintes zonas:

-En solo urbano consolidado: área comprendida entre as aliñacións sinaladas nos planos de ordenación.

-En solo urbano non consolidado: área comprendida entre as liñas de edificación, agás nos tramos limitados mediante ordenación pormenorizada no que se sinale outras aliñacións, respectándose a sección mínima de 16m.

2. EN TERREOS CLASIFICADOS DE SOLO DE NÚCLEO RURAL

2.1. CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN

As parcelacións de parcelas ou fincas lindeiras coas estradas autonómicas quedan condicionadas a que todas as parcelas resultantes resolvan o seu acceso a través doutros viais públicos que non sexan de titularidade autonómica. En Consecuencia, non se permitirán parcelacións nas que as parcelas resultantes se sirvan das citadas estradas.


As parcelacións que se pretendan realizar en zona de servidume ou afección de estradas en terreos de núcleo rural que non teñan recoñecido o treito urbano pola administración titular da estrada precisarán, en cumprimento da lexislación sectorial de estradas, a previa autorización do órgano competente da administración.

2.2. CONDICIÓNS DE POSICIÓN

2.2.1. POSICIÓN DAS EDIFICACIÓNS

As edificacións ou calquera construción lindeira coas estradas autonómicas e provinciais respectarán a liña límite de edificación definida nos planos de ordenación.

As edificacións ou construcións que se pretendan realizar en zona de servidume ou afección de estradas en terreos de núcleo rural que non teñan recoñecido o treito urbano pola administración titular da estrada precisarán, en cumprimento da lexislación sectorial de estradas, a previa autorización do órgano competente da administración titular.



2.2.2. POSICIÓN DOS PECHES

A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica e provincial, segundo a súa tipoloxía, rexeranse polas seguintes condicións:

- Os peches completamente diáfanos, sobre postes ou piquetes, sen cimentación nin obra de fábrica e cunha altura máxima de 1,50m, por motivos de aproveitamento agrícola ou gandeiro debidamente xustificadas, poderán situarse no borde da parcela.
- Os peches diáfanos, con cimentación e muro de obra de fábrica ata unha altura de 0,50 m medidos en calquera punto en contacto coa rasante do terreo, e cunha altura total de 2,50m, respectarán as aliñacións oficiais reflectidas nos planos de ordenación.

En todo caso respectará a zona de servidume da estrada (distancia de 2m dende a liña de dominio público medidos perpendicularmente a esta.

- O resto dos peches (aqueles que non responden ás tipoloxías definidas nas aliñas anteriores mais cumpren as condicións de peches definidas no artigo 3.2.12 da Normativa e ata unha altura máxima de 2,5m), considéranse edificacións aos efectos da aplicación da lexislación sectorial de estradas e polo tanto deberan posicionarse respectando a liña límite de edificación definida nos planos de ordenación.

A construción de peches ou calquera outro elemento nos treitos urbanos recoñecidos pola administración titular da estrada, quedará condicionada á posterior explanación do terreo entre aliñacións a cota do viario sen que eses se vexan afectados.

Poderanse autorizar reparacións de peches existentes, de tipoloxía tradicional ou daqueles outros que, sen selo, contén con licenza na súa posición actual, sempre e cando as anteditas labores non supoñan nin a substitución de grandes tramos dos mesmos nin unha variación significativa das súas características materiais.

2.3. CONDICIÓNS PARA O MANTEMENTO DAS ESTRADAS

As estradas poderán ser obxecto de mantemento, perfeccionamento ou modificación⁽¹⁾ nas súas condicións de trazado, seccións e rasantes nun área de protección que corresponderá coa área comprendida entre as aliñacións sinaladas nos planos de ordenación mais aquela área fóra destas aliñacións necesaria para a realización de movementos de terra para a execución das obras de urbanización entre aliñacións.

3. EN TERREOS CLASIFICADOS DE SOLO RÚSTICO E URBANIZABLE

3.1. CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN

Nas parcelas lindoiras con estradas de titularidade autonómica só se permitirán parcelacións cando todas as parcelas resultantes resolvan o seu acceso a través doutros viais públicos que non sexan de titularidade autonómica.

En consecuencia, non se permitirán parcelacións no caso das parcelas que contén con acceso a través dalgunha estrada de titularidade autonómica.


Será requisito para a realización de parcelacións nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

3.2. CONDICIÓNS DE POSICIÓN

3.2.1. POSICIÓN DAS EDIFICACIÓNS

Entre as estradas de titularidade autonómica, provincial ou municipal de sistema xeral, e a liña límite de edificación, segundo establece a lexislación autonómica sectorial en materia de estradas, prohíbese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo.

Será requisito para a execución de todo tipo de obras e instalacións nas zonas de servidume e afección das estradas a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.



3.2.2. POSICIÓN DOS PECHES

A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica rexeráse pola lexislación e normativa sectorial aplicable en materia de estradas. Mais, en estradas provinciais e municipais de sistema xeral os peches, agás os previstos no art.44d) da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, haberán de situarse fóra da zona de servidume da estrada, a unha distancia mínima de 8m do eixo desta, e executaranse de tal forma que a a franxa de terreo comprendida nesas oito metros poda explanarse a cota da estrada sen que o peche que se vai executar se vexa afectado.

Será requisito para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas a obtención previa da autorización do órgano competente da administración titular da estrada.

3.3.CONDICIÓNNS PARA O MANTEMENTO DAS ESTRADAS


As estradas poderán ser obxecto de mantemento, perfeccionamento ou modificación⁽¹⁾ nas súas condicións de trazado, seccións e rasantes nun área de protección que corresponderá coas seguintes zonas:

-En solo rústico: área comprendida entre as zonas de afección, incluídas estas (de acordo co estipulado no art.40 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia).

-En solo urbanizable: área comprendida entre as liñas límite de edificación da estrada (que se destinará a sistema xeral viario, de acordo co estipulado nos arts.23 e 41 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia).

(1) Entenderase por mantemento, perfeccionamento ou modificación de estradas (con incidencia para os efectos de expropiación ou imposición de servidumes en relación cos terreos ou demais elementos que resultasen afectados), todo tipo de obras e instalacións necesarias ou convintes para a prestación do servizo nas mellores condicións de funcionalidade e seguridade viaria, por exemplo as seguintes:

- *consolidación, acondicionamento, ensanche, complementación, rectificación de trazado, desdoblamento, etc (incluíndo execución de movemento de terras, explanacións, afirmados básicos, muros de contención, noiros, bermas, túneles, viadutos, cambios de sentido, carrís de incorporación ou freado, carrís para bicicletas, cunetas, glorietas e outros illotes á marxe dos espazos de circulación, medianas e outros elementos de separación ou protección, beiravías, beirarrúas, sendas e pasarelas peonís, pavimentación e outros tratamentos superficiais, pintados, resaltes ou lombas e outros elementos reguladores, pasos de peóns, etc; configuración distinta das interseccións ao mesmo ou distinto nivel e dos accesos desde os dominios públicos ou privados;etc.).*
- *colocación de paneis informativos, semáforos e outra sinalización, instalación aérea ou subterránea de redes de servizos e doutras infraestruturas (iluminación pública, antenas de comunicación, instrumentos de medición ou control de tráfico, etc.), disposición de barreiras de protección acústica, dotación de morróns, marquesiñas e outro mobiliario, plantación de especies arbóreas de xardinería, emprazamento de esculturas e doutros elementos artísticos, etc.*
- *dotación de paradas de transporte público, aparcadoiros, estacións de servizo, áreas de descanso e outros equipamentos relacionados co servizo viario, etc.*



D) LEXISLACIÓN SOBRE CEMITERIOS

Lexislación aplicable:

- Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.


Consideraranse como supletorias do presente decreto as disposicións de igual ou menor rango dictadas pola Administración Central do Estado, con excepción do réxime de distancias:

- Decreto 2263/1974, de 20 de xuño que aproba o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria.

Sobre a Zona de Protección:

O artigo 25 do Decreto 151/2014 establece:

1. El emplazamiento de los cementerios de nueva construcción vendrá determinado en los instrumentos de planeamiento municipales. En caso de que no exista planeamiento, la entidad local recabará el parecer de las consellerías con competencias en ordenación del territorio y patrimonio cultural, respectivamente.
2. Alrededor del suelo destinado a la construcción de un nuevo cementerio se establece un perímetro de 50 metros de ancho totalmente libre de todo tipo de construcción, medida a partir del cierre exterior del cementerio. A los efectos previstos en este artículo, podrán situarse dentro de ese perímetro los edificios e instalaciones de carácter religioso o destinados a servicios funerarios.
3. Los ayuntamientos podrán establecer, motivadamente, en sus ordenanzas e instrumentos de planeamiento un perímetro mayor del indicado en el párrafo precedente, en función de las circunstancias y características de patrimonio cultural, urbanísticas y de desarrollo en su ámbito territorial. Asimismo, los ayuntamientos, sin perjuicio de lo dispuesto en las normas y planes urbanísticos o de patrimonio cultural aplicables, podrán, excepcional y motivadamente, permitir la ampliación de cementerios ya autorizados sin el cumplimiento del requisito relativo al perímetro citado anteriormente.



E) LEXISLACIÓN E PROTECCIÓN DAS LIÑAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN

Lexislación aplicable:

- *Ley 54/1997 de 27 de noviembre, del Sector Eléctrico (BOE de 28 de noviembre)*
- *Real Decreto 223/2008, de 15 de febrero, por el que se aprueban el Reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en líneas eléctricas de alta tensión y sus instrucciones técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09*
- *Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica*
- *Real Decreto 842/2002 de 2 de agosto, Reglamento Electrotécnico de Baja Tensión. Instrucciones Técnicas complementarias (ITC) BT01 a BT51*
- *Decreto 275/2001, de 4 de octubre, por el que se establecen determinadas Condiciones Técnicas Específicas de Diseño y Mantenimiento a las que deberán someter las instalaciones eléctricas de distribución. (DOG de 25 de octubre)*
- *Real Decreto 3275/1982, de 12 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento sobre Condiciones Técnicas y Garantías de Seguridad en Centrales, Subestaciones y Centros de Transformación.*

Respecto das inversións nas que tivera que incorrer no proceso de urbanización, deberá contemplarse o establecido en:


- *Real Decreto 1047/2013, de 27 Dic. (metodología para el cálculo de la retribución de la actividad de transporte de energía eléctrica)*
- *Real Decreto 222/2008, de 15 de febrero, por el que se establece el régimen retributivo de la actividad de distribución de energía eléctrica*
- *Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica*

Complementariamente terase en conta:

- Os Proxectos Técnicos elaborados polas compañías suministradoras, e aprobados polo Ministerio de Industria.
- Lei 3/2007, do 9 de Abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

As construcións, instalacións e plantacións de arborado, etc., que se sitúen nas proximidades das liñas eléctricas de alta tensión, estarán suxeitas ás servidumes a que se refire o *Real Decreto 223/2008 de 15 de febreiro que aproba o regulamento sobre as condicións técnicas e garantías de seguranza en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09*, e ó *Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica*, en canto ó que se refire ás limitacións para a constitución de servidumes de paso.

Así mesmo terase en conta o contido da Lei 3/2007, do 9 de Abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



Art 3 (RD 223/2008) Tensións nominais, categoría das liñas.

As liñas eléctricas recollidas neste regulamento clasificaranse, atendendo á súa tensión nominal, nas categorías seguintes:

- a) *Categoría especial: A de tensión nominal igual ou superior a 220Kv, e as de tensión inferior que formen parte da rede de transporte conforme ó establecido no artigo 5 do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*
- b) *Primeira Categoría: As de tensión nominal inferior a 220Kv e superior a 66Kv.*
- c) *Segunda Categoría: As de tensión nominal igual ou inferior a 66Kv e superior a 30 Kv.*
- d) *Terceira categoría: As de tensión nominal igual ou inferior a 30 Kv e superior a 1Kv.*

Se na liña existen circuitos ou elementos nos que se utilicen distintas tensións, o conxunto da liña considerarase, a efectos administrativos, ó valor da maior tensión nominal.

Cando no proxecto dunha nova liña se considere necesaria a adopción dunha tensión nominal superior a 400Kv, a Administración competente establecerá a tensión que deba autorizarse.

ITC-LAT 07 (Liñas aéreas con condutores espidos)

Art.5 Distancias mínimas de seguridade. Cruzamentos e paralelismos

Art.5.1 Introducción:

Nas liñas aéreas é necesario distinguir entre distancias internas e externas.

As distancias internas son dadas unicamente para deseñar unha liña cunha aceptable capacidade de resistir sobretensións.

As distancias externas son utilizadas para determinar as distancias de seguridade entre os condutores en tensión, e os obxectos embaixo ou nas proximidades da liña.

(...)

Cando non se especifique que a distancia é “horizontal” ou “vertical”, será tomada a menor distancia entre as partes con tensión e o obxecto considerado, tendo en conta no caso de carga con vento a desviación dos condutores e da cadea de illadores.

Art.5.2 Distancias de illamento eléctrico para evitar descargas.


(...)

Aplicaranse a s seguintes consideracións para determinar as distancias internas e externas:

- a) *A distancia eléctrica D_{el} , prevén descargas eléctricas entre as partes en tensión e obxectos a potencial de terra, en condicións de explotación normal da rede. Nas condicións normais inclúen operacións de enganche, aparición de lóstregos e sobretensións resultantes de faltas na rede.*
 - b) *A distancia eléctrica D_{pp} prevén as descargas eléctricas entre fases durante as manobras e sobretensións de lóstregos.*
 - c) *Cómpre engadir a distancia externa D_{el} , unha distancia de illamento adicional, D_{add} para que nas distancias mínimas de seguridade ó chan, a liñas eléctricas, a zonas de arborado, etc. Se asegure que as persoas ou obxectos non se aproximen a unha distancia menor que D_{el} da liña eléctrica.*
 - d) *A probabilidade de descarga a través da mínima distancia interna, asom debe ser sempre maior que a descarga a través dun obxecto externo ou persoa. Así, para cadeas de illadores moi longas, o risco de descarga debe ser maior sobre a distancia interna asom que a obxectos externos ou persoas. Por este motivo, as distancias externas mínimas de seguridade ($D_{el} + D_{add}$) deben ser sempre superiores a 1,1 veces a_{som} .*
- Os valores de D_{el} e D_{pp} en función da tensión máis elevada da liña U_s , serán os indicados na táboa que se xunta na marxe.*

Tabla 15. Distancias de aislamiento eléctrico para evitar descargas

Tensión más elevada de la red U_s (kV)	D_{el} (m)	D_{pp} (m)
3,6	0,08	0,10
7,2	0,09	0,10
12	0,12	0,15
17,5	0,16	0,20
24	0,22	0,25
30	0,27	0,33
36	0,35	0,40
52	0,60	0,70
72,5	0,70	0,80
123	1,00	1,15
145	1,20	1,40
170	1,30	1,50
245	1,70	2,00
420	2,80	3,20



Art.5.12 Paso por zonas

En xeral, para as liñas eléctricas aéreas con condutores espidos defínese a zona de servidume de voo como a franxa de terreo definida pola proxección sobre o solo dos condutores extremos, considerando estes e as súas cadeas de illadores nas condicións máis desfavorables, sen contemplar distancia algunha adicional.

As condicións máis desfavorables son consideralos condutores e as súas cadeas de illadores na súa posición de máxima desviación, é dicir, sometidos á acción do seu peso propio e a unha sobrecarga de vento, segundo o apartado 3.1.2, para unha velocidade de vento de 120 Km/h a temperatura de +15°C.

As liñas aéreas deberán cumprilo Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, en todo o referente ás limitacións para a constitución de servidume de paso.

Art 5.12.1 Montes, árbores e masas de arborado.

(...)

